



## INFORMACIÓN IMPORTANTE DO CENTRO

- **Abalar Móbil:** O IES Xoán Montes empregará para a comunicación das faltas de asistencia e conduta así como os boletíns de cualificacións no vindeiro curso a aplicación, da Consellería de Educación, ***AbalarMóbil***.

Se vostedes non teñen descargada a aplicación, poden facelo dende **AppleStore** (se o sistema operativo é IOS) ou dende **Play Store** (se o sistema operativo é Android). No seguinte enlace poden consultar toda a información relacionada con dita aplicación:

<https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/nova/abalarmobil>

- **Seguro Escolar:**

- Os alumnos de 1º e 2º da ESO non teñen que aboar ningunha cantidade en concepto de seguro escolar. En caso de ter que ser atendidos por algún motivo, chamarase ás súas familias para que se fagan cargo deles.
- O resto do alumnado, teñen que aboar **1,12€** en concepto de **seguro escolar**. En caso de requirir asistencia sanitaria deben pedir na oficina do centro un **parte de accidente** e se acompañará ao alumno ao Sanatorio Quirónsalud para ser atendido (**dito parte emitirase soamente no momento do accidente, nunca horas ou días despois**). É moi importante levar este documento porque no caso contrario o centro sanitario pedirá ás familias que aboen o importe do servizo realizado. Se non se seguen estas indicacións o IES Xoán Montes non se fai responsable.